

#### **AUGUSTO PÉREZ ALBERTI**

Augusto Pérez Alberti é Catedrático de Xeografía Física da Universidade de Santiago. Con anterioridade fora Profesor Agregado de Bachelato (1978-1983), Catedrático de Bachelato (1983-1991), Profesor Asociado de Universidade (1991-1993), Profe-

sor Titular de Universidade (1993-1999). Realizou a súa tese doutoral sobre “La Geomorfología de la Galicia Sudoriental” baixo a dirección do Prof. Jean Tricart da Université Louis Pasteur de Strasbourg (France).

Ten realizado estancias de investigación en Francia (Université Louis Pas-

teur, 1988), Italia (Universita degli Studi di Firenze, 1996), Canadá (Ontario Agricultural College, da University of Guelph, 1995, 2000; Université Laval, Quebec, 2000) e Islandia (Institute os Biology, da University of Iceland, 1997). Ten sido profesor invitado na Université du Maine (Le Mans. Francia, 1996, 1999). Na actualidade é Director do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago e dirixe o Grupo de Investigación en Xeomorfoloxía (G.I.X.) da Universidade de Santiago.

Participou como autor ou coautor na redacción de máis de cen libros e artigos sobre xeomorfoloxía glaciar, periglaciar, xeomorfoloxía costeira, climatoloxía, bioxeografía, manuais de ensinanza escolar e didáctica da xeografía. A súa última obra foi a coordinación, xunto con Antonio Martínez Cortizas, do Atlas Climático de Galicia.




# A PAISAXE XEOGRÁFICA EN OTERO PEDRAYO

Augusto Pérez Alberti

Cando lemos os textos de Otero Pedrayo decatámonos da importancia que para el tivo a aprendizaxe directa, daquela que xorde da propia contemplación do espazo xeográfico. Non hai na súa obra máis que breves referencias a científicos que traballen no eido da xeografía, enmarcados nunha corrente xeográfica decimonónica, tal é o caso de Humboldt, Ritter ou Richthofen. Foi, sen dúbida algunha, do contacto coa terra onde comezou a analiza-la súa dinámica, a interacción home/terra. É a partires de Trasalba onde comeza a admirar e ama-las paisaxes. É, a partires dos lugares máis próximos onde esboza esa diferenciación -que define a perspectiva xeográfica de Otero-



*de montaña, ribeira e bocarribeira. En Problemas de Xeografía Galega fala de como a altitude xoga a función especial nas diferencias locais: establece doadamente unba sucesión de carauteres, inda*



que poucos pol-a pequena diferenza das cotas dende o Río, Vilamarín e Madarnás, por eixemplo a Cea e o Carballiño, pero mellor precisados antr'as derradeiras localidás e Ourantes, Trasalba e Untes, parroquias postas en parte riba do beizo dreito do val miñoto. Pra un do val, de Arrabaldo, por eix. xa Trasalba é montana, con ser parroquia con terras e ribeira e soilo estar separada por unha costa súpeta... Mais tamén pr'os de Trasalba é montana Amoeiro que ten cuase idéntico horizonte e mais montana é Vilamarín... A parroquia de Trasalba pertence á zona de transición antr'os chaos d'Amoeiro e a ribeira representada pol-os vals do Miño e Barbantiño... Poucas parroquias tan craramente de bocarribeira.

É tamén en Trasalba, onde descobre a importancia da interacción rocha/clima. Nos penedos de O Rodeiro, os cotos como el denomina, *observa como a chuvia levada polo vento forma sistemas d'ocos e coviñas nas que demoran as augas do ceo pucharquiñas e que xuntándose furan as laxes, ademáis da aición maina e xeral qu' arredondeia e amolece as aristas* (*Problemas de Xeografía Galega*, páx. 13).

Paulatinamente Otero Pedrayo vaise decatando da importancia da rocha, da altitude, do clima e das accións antrópicas na construción/destrución das paisaxes. É sen dúbida o coñecemento do paisano, do labrego, da parroquia de Trasalba. Del aprende a diferenciar os tipos de solos para o cultivo, a importancia da insolación, da pendente, da abundancia de auga... Despois, ó ir recorrendo, pateando, a terra, vai descubrindo novas paisaxes

Cando se len os traballos xeográficos de Otero Pedrayo chegase á conclusión de que a súa paixón era a descripción da paisaxe. Pensaba que *pra conseguire unha impresión o máis completa e vivinte posibre d'unha terra, non hai mellor sistema que escolmar unhas poucas paisaxes xeográficas carauterísticas*, como dí no seu traballo *Problemas de Xeografía Galega*, páx. 20. Neste mesmo traballo, páx. 20 define, en certa medida, o que el entende por paisaxe:... *o xogo diario dos variados factores da terra, da atmósfera, da vida e do home que n'un estado isolado figuran desartellados e privados da dinamicidade da súa realidade de loita e asociación.*

Esta relación dos homes e das mulleres coa terra dá como froito a paisaxe. En *Paisajes y Problemas...* páx. 187 di que: *En contacto directo y constante con el medio natural, el pueblo trabajador y sensitivo, alejado de la contemplación mística y de la doctrina teológica, anima la naturaleza, la personifica, la siente como un conjunto de presencias reales amigas y enemigas, y a veces transporta a sus creaciones artísticas una viva expresión de paisaje.* O traballo a cotío dos homes e das mulleres, sobor de todo do labregos e labregas, aparece condicionado polo medio, que se converte en determinante: *El elemento esencial del paisaje gallego, la roca granítica esquistosa,*




con su peculiar proceso de erosión, proporciona un determinante al tratamiento arquitectónico". (páx. 190)


Sen embargo non só é a rocha a causa principal que determina a paisaxe; tamén os solos ou a abundancia de auga teñen un papel importante. No seu itinerario de Ourense a Santiago que aparece no traballo *Paisajes y Problemas...* atopamos en varias ocasións o que estamos a decir: *Los chaos que cruzamos forman parte del conjunto de tierras que con diferente matiz por la altura y el relieve guardan el tipo de los clásicos chaos de Amoeiro. El suelo arenoso, solo en algunos trozos de arcilla, ostenta cosechas de maíz... Las tierras de regadío se llaman naveiras; las de secano, heredades... Algunos abedules aislados en terrenos húmedos parecen un anuncio de la montaña aún lejana*, estase a referir a terreos enclavados na parroquia de Castro de Beiro. Máis adiante di: *Subimos por cuestras yermas en las que la vegetación del maquis va creando una capa de tierra fría recortada por las aguas que en algunos lugares se depositan en ellos.* (páx. 165)

Otero Pedrayo decátase de que, por unha banda, o galego *intensamente labrador y pescador, se incorporó entrañablemente al paisaje, hasta el punto que solo alguna corta extensión de montaña no guarda la huella humana, y ni aun ofrece obstáculo definitivo, por lo menos al paso de los hombres* (*Paisajes y Problemas geográficos...* páx. 189, 190) que, indica claramente a forza da sociedade galega capaz de humanizalo. Esta dependencia do home respecto ao medio lévao a dicir na *Síntesis Xeográfica de Galicia*, páx. 55, que *o paisano traball'a terra intensamente y fazéndoa dar de toda crás de frutos, seu ideal sería non ter que mercar centeo, millo, feno nin toxo nin leña... o cultivo xeral impón variados xéneros de vida, e tradúcese na psicoloxía. Por exemplo o ribeirán é cultivador dos viñedos c'a súa labor intelixente, conscente da riqueza que produce é moy diferente do que traballa as searas de centeo n'as pranicies; o que cría potros e boys na montana do que traballa intensivamente as hortas preto dos centros poboados.*

Hai nos seus escritos influencias dispares: por



unha banda daqueles que, como Ratzel, falan dun determinismo xeográfico e, por outro de autores como Vidal de la Blache, que, fronte ao anterior, dan unha maior importancia á “posibilidade” (de aí o posibilismo) de que o home sexa capaz de dominar a terra e de enxendrar “xéneros de vida”. A importancia da raza, como outro elemento ratzeliano, é tido en conta por Otero Pedrayo. Así fala de que *las razas celtas siempre se han caracterizado por su apasionado sentimiento de la naturaleza* ou de que *en todos los países celtas occidentales la población dispersa se debe, de una parte, al ideal de la raza; de otra, a la exigencia del medio geográfico. El espíritu del cual persevera en la parroquia gallega a pesar de la profunda influencia centralizadora de los centros religiosos y administrativos; arraigada en su solar, presididas por su castro los pueblos celtas forman individualidades dispersas,* (*Paisajes y Problemas geográficos...* páx. 187-188).



Desde a perspectiva de hoxe en día a súa visión das paisaxes pode parecer simple. Hoxe admítase que na xénese dunha paisaxe entran en xogo dialéctico o substrato rochoso, os movementos tectónicos da codia/ os cambios climáticos que se produciron ó longo da historia xeomorfolóxica/ a acción dos seres vivos animais/ a acción do home en sociedade en función da súa ideoloxía, cultura, nivel de desenvolvemento técnico...; admítase que as paisaxes non só varían de sector senón que tamén o fai a percepción que ten cada quen da paisaxe en función do seu nivel cultural, ideoloxía, etc. Porén, Otero Pedrayo sin ter unha formación eminentemente xeográfica, ía máis alá da simple enumeración de aspectos diferentes dentro do espazo; analizaba, por unha banda as paisaxes como entes que nacían da loita - non importa en que relación - do home coa terra e, por

outra, decatábase de que as paisaxes non eran eternas nin inmutables. Percibía que cambian co paso dos anos, da historia e, incluso, co paso das estacións.

Ó camiñar cara Santiago desde Ourense ou ás Rías Baixas ou Altas desde Santiago, percibía cambios nidios. Nembargantes estes, ó producírense de xeito imperceptible, non teñen uns límites precisos. Á saída do val de Ourense, para inicia-lo camiño cara San Andrés de Teixido, viaxe que narra en *Pelegrinaxes*, observa como a paisaxe vaise transformando: *Por Gustey vaise enchendo o peito c'o aer da bocarribeira, inda non s'ollan sinon un segmento dos circos de serras. ¿Onde remata a ribeira? Cambeante matización da paisaxe. Dificultade de por os marcos: ribeira-bocarribeira-montaña.*

O Otero xeógrafo defendía que a paisaxe, ou as paisaxes galegas, hai que analizalas como algo inestable, cambeante, pois a paisaxe *sólo como ciclo y proceso, como tendencia e historia, debe comprenderse y estudiarse y no como fondo indiferente, lejano o, todo lo más anecdótico, en relación con los hombres*, e hai que achegarse a ela, hai que busca-la paisaxe non *como parque de recreo, o con sentimientos o afanes de turismo. Hace falta un espíritu peregrino para sentirlo y sorprender una belleza recóndita que pocas veces se acompasa con el concepto de lo bonito, de lo tranquilizador, que se busca en los bellos paisajes. Muchos de Galicia no lo son en la estimativa general. Los rudos, abruptos, en que la vida histórica parece anclada en el románico, son, quizá, lo más dignos de reflexión y amor. Y los consagrados por el turismo - las rías glaucas, los valles geórgicos de molinos y viñedos, el pinar sonoro de la costa y el pazo dieciochesco de largas resonancias - exigen ser visitadas cuando el invierno abunda los ponientes y la lluvia disuelve las perspectivas, y no sólo en el brillante verano y en el cálido y epilodal otoño.* (*Guía de Galicia*. Páxina. 190. Ed. 1965).

Desde a perspectiva do novo milenio pódese afirmar que moitas das ideas sobre a paisaxe, dunha enorme intuición, non so están vivas senón que convén retomalas e reforzalas. A súa visión de cambio no tempo e no espazo, da paisaxe como ele-



mento en constante evolución por mor da vitalidade das xentes que habitan nun territorio que se foi construindo/destruindo ó longo do tempo por mor do traballo, non sempre doado dos seus habitantes; a súa visión da paisaxe como historia materializada en aldeas, lugares, campos de cultivo.... ideas non sempre explicitadas pero que se poden aprehender da lectura dos seus traballos xeográficos.

Para un xeógrafo do Ribeiro, da *ribeira*, de Santa Cruz de Arrabaldo, como o que esto escribe, que viviu anos na *montaña* de Tamallancos e que, con relativa frecuencia, ascende dende a súa aldea ribeiriana polas *bocarribeiras* de Soutomanco ou Fechos, camiño de Trasalba, as lecturas de Otero Pedrayo axudárono a entender moitos dos problemas da ocupación do espacio, a comprender o papel do solo nunha sociedade tradicional, na que cada parcela estaba perfectamente vencellada a súa potencialidade: os lameiros, nas valgadas, a beira dos regatos; os campos de centeo nas ladei-

ras ou terras de solos menos profundos; as hortas as beiras das casas, alí onde era doado atopar solos máis fértiles e transportar o estrume ou o esterco. Coñecementos adquiridos do contacto directo coa *terra*, co que iso siñifica: lugar no que se vive, traballa e coa que un se funde o final dos seus días.

